

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE DECEMBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catro de decembro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 16, 23, 30 de outubro; 6, 13 e 20 de novembro de 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para reforma de edificación para albergue e apartamentos turísticos nun edificio existente de planta baixa, tres altas e baixocuberta, sito na rúa Bolaño Rivadeneira, número 11 (expte 2023/Y001/000055).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da subministración de dous furgóns L2H2 para a brigada de vías e obras, exp. ref. 2024-C004-000023.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase aprobar a reclamacións á aprobación inicial modificación ordenanza fiscal numero 201 reguladora do imposto sobre o incremento valor dos terreos de natureza urbana.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac3563341435590720141.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-12-2024

Tamén se acorda aprobar a reclamacións á modificación inicial ordenanza fiscal número 203 reguladora do imposto sobre bens inmobles.

Así mesmo, acórdase aprobar a reclamacións á modificación inicial da ordenanza fiscal número 107 reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

Acórdase aprobar a reclamacións á modificación inicial ordenanza fiscal número 109 reguladora da taxa polo servizo municipal de subministración de auga potable a domicilio.

Fóra da orde do día

- Acórdase a aprobación do Convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil O.A. e o Concello de Lugo sobre a financiación, execución e entrega das obras de construción dunha senda no Río Miño.
- Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Mercado do Nadal e apertura do Novo Auditorio Municipal” anos 2024.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Dinamización Económica e Relacións Institucionais e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Vitorio Repetto Morbán.